

# 5

## Dimensións existenciais do ser humano



### A liberdade como dimensión constitutiva do ser humano

«[...] que se entende por liberdade cando se aplica a accións voluntarias? Dende logo non podemos querer dicir que as accións teñen tan pouca conexión con motivos, inclinacións e circunstancias que unhas non se seguen dos outros e que non nos permiten inferir a existencia dos mesmos. Pois trátase de cuestións de feito manifestas e recoñecidas. Entón, só podemos entender por liberdade *o poder de actuar ou de non actuar dos seres humanos de acordo coas determinacións da súa vontade*; é dicir, que se decidimos quedar quietos, podemos facelo, e se decidimos movernos, tamén podemos facelo. Agora ben, admítase universalmente que esta hipotética liberdade pertence a todo o que non é prisioneiro e encadeado. Aquí, pois, non cabe discutir.

Calquera que sexa a definición de liberdade que deamos, debemos ter coidado en observar dous requisitos: *primeiro*, que non contradiga feitos; *segundo*, que sexa coherente consigo mesma. Se observamos estes requisitos e facemos intelixible a nosa definición, estou convencido de que a humanidade enteira será dunha soa opinión respecto a esta».

D. Hume, *Investigación sobre o coñecemento humano*, Sección 8, Parte I.

### Cuestións sobre a lectura

- 1 Defende Hume que a vontade está determinada por causas que impiden considerala libre? Deixa marxe para a liberdade?
- 2  **Mesa redonda.** Que obxeccións poden establecerse contra a existencia da liberdade? Argumentade a resposta.
- 3 A liberdade pareceche un feito evidente ou só unha hipótese que hai que demostrar? Se é evidente, pon algún exemplo; se hai que demostrala, propón argumentos que a xustifiquen.
- 4  **A pregunta.** Como caracterizarías unha «vontade libre»?



Artemisa (século II a. C.).  
Museo Arqueolóxico Nacional, Atenas.

## A liberdade

### 1.1. É libre o ser humano?

Xenericamente, a palabra «liberdade» fai referencia á posibilidade que teñen os seres humanos de elixir sen dependencias nin coaccións externas. Por exemplo, decidirse por unha profesión, emprender unha viaxe, escoller parella, ou votar a un partido político podemos consideralas accións libres. Ou sexa, designa a capacidade de autodeterminación dun individuo ou dun grupo social.

Neste sentido, a **liberdade** consiste na capacidade que ten cada persoa de facer o que queira, de elixir unha acción por si mesma sen que estea sometida a ningún condicionamento que a obrigue a actuar en contra ou á marxe da súa vontade.

Esta interpretación non significa que unha persoa só é libre cando fai o que quere sen restricións nin límites. A liberdade non é deixarse levar polos impulsos, polo desexo de pracer ou polas paixóns inmediatas. Esa conduta sería comportarse sen regras nin valores, nin principios, nin respecto ás liberdades e aos dereitos das demais persoas. Cando se actúa deste modo, o máis frecuente é deslizar-se cara á violencia, cara á provocación e cara á propia autodestrución.

É preciso distinguir entre as liberdades sociolóxica, psicolóxica e moral:

- A **liberdade sociolóxica** alude á autonomía de que goza o individuo fronte á sociedade e refírese á liberdade política ou civil, garantida polos dereitos e polas liberdades que amparan a cidadanía nas sociedades democráticas.
- A **liberdade psicolóxica** é a capacidade que ten o individuo, «dono de si», de non se sentir obrigado a actuar a instancias da súa motivación máis inmediata.
- A **liberdade moral**, pola súa banda, é a capacidade do ser humano de actuar de acordo coa razón, sen deixarse dominar polos impulsos e polas inclinacións espontáneas da sensibilidade. Esta é a liberdade que se coñece como «libre albedrío».

#### Glosario

**Liberdade:** capacidade de decidir e de actuar de acordo coa deliberación individual, sen someterse a ningún condicionamento externo (coacción, ameaza...) que influía sobre a nosa vontade. Considérase un dos valores clave nos ámbitos da política e da ética. Ademais, é a condición fundamental para poder atribuírnos responsabilidade polas nosas accións. Podemos distinguir varios tipos de liberdade: sociolóxica, psicolóxica e moral.

### 1.2. A realización concreta da liberdade

A diferenza do termo «liberdade», a palabra «**liberación**» alude á posibilidade concreta e obxectiva para un individuo ou para un grupo de realizar a súa liberdade nas condicións psicolóxicas, económicas, culturais, sociais e políticas apropiadas.

**Marx e o marxismo** defenderon que o problema da liberdade resólvese realmente como tarefa práctica de **transformación do mundo**, de modo que desapareza toda situación de dominio do ser humano sobre o ser humano, na que é imposible a liberdade.

Na **psicanálise** destacou-se a importancia dos **procesos inconscientes** na determinación do comportamento consciente do ser humano. Para Freud, a realización da liberdade non é posible sen a capacidade do eu de enfrontarse ao automatismo irreflexivo dos instintos e á pulsión das forzas inconscientes.

Marx e Freud consideran que a intelixencia é o factor liberador propiamente dito, porque permite ao individuo tomar conciencia das súas motivacións e decidir a súa acción sen someterse necesariamente a condicionamentos educativos, biolóxicos, sociais ou históricos.

A liberdade é a base tanto da **responsabilidade** coma da **dignidade** da persoa, así como da súa **autonomía social**.

#### Textualmente

«Do existente, unhas cousas dependen de nós; outras non dependen de nós. De nós dependen o xuízo, o impulso, o desexo, o rexeitamento e, nunha palabra, canto é asunto noso. E non dependen de nós o corpo, a facenda, a reputación, os cargos e, nunha palabra, canto non é asunto noso. E o que depende de nós é pola súa natureza libre, non sometido a estorbos nin impedimentos; mentres que o que non depende de nós é débil, escravo, sometido a impedimentos, alleo. Recorda, polo tanto, que se o que por natureza é escravo o consideras libre, e o alleo, propio, sufrirás impedimentos, padecerás, veraste perturbado, farás reproches aos deuses e aos homes; mentres que se consideras que só o teu é teu e o alleo, como é en realidade, alleo, nunca ninguén te obrigará, ninguén che estorbará, non farás reproches a ninguén, non irás con reclamacións a ninguén, non farás nin unha soa cousa contra a túa vontade, non terás inimigo, ninguén te prexudicará nin nada prexudicial che sucederá».

Epicteto, *Manual*, I.

- 1 Por que Epicteto vincula a liberdade á distinción entre o que está na nosa man e o que non o está?
- 2 Pon exemplos de situacións en que as cousas dependan do noso querer e doutras nas que non.

## ① A liberdade

### 1.3. Liberdade e responsabilidade

#### A liberdade, fundamento da responsabilidade

Cando pensamos na liberdade como unha das dimensións esenciais do ser humano, o máis apropiado é falar das posibilidades e dos límites da súa liberdade.

Nese sentido, estámonos a referir á **posibilidade de exercer unha liberdade relativa** coa axuda do coñecemento das leis e das forzas que regulan establemente o mundo.

A aparición da física cuántica no século xx debilitou o vello determinismo causal, ao establecer un límite físico de precisión na descrición dos fenómenos.

Este feito débese á formulación polo físico Werner Heisenberg do **principio de indeterminación**, segundo o cal non é posible realizar predicións definidas para o conxunto dos sucesos subatómicos.

#### Textualmente

«[A vontade ou liberdade de arbitrio] soamente consiste en que podemos facer unha cousa ou non facela (é dicir, afirmar ou negar, perseguir ou evitar); ou máis ben soamente en que, para afirmar ou negar, perseguir ou evitar as cousas que o entendemento nos propón, actuemos de forma tal que non sintamos que forza exterior algunha nos constrinxen. Pois, para ser libre, non é necesario ser indiferente á elección dun ou outro dos dous contrarios, senón que máis ben, canto máis me inclino por un, sexa porque coñezo evidentemente que o ben e o verdadeiro aí se encontran, sexa porque Deus o dispón así no interior do meu pensamento, tanto máis libremente fago a elección e abrázoo. E, certamente, a graza divina e o coñecemento natural, lonxe de diminuír a miña liberdade, máis ben a aumentana e fortalécena. De maneira que esa indiferenza que sinto cando non me leva a un lado máis que ao outro o peso de ningunha razón, é o máis baixo grao de liberdade, e denota máis ben un defecto do coñecemento que unha perfección na vontade; pois se coñecese sempre claramente o que é verdadeiro e o que é bo, nunca tería a dificultade de deliberar que xuízo e que elección debería tomar, e así sería enteiramente libre, sen ser nunca indiferente.»

R. Descartes, *Meditacións metafísicas*, «Meditación cuarta».

- 1 A tese de Descartes é que a indiferenza é «o grao ínfimo da liberdade». Estás de acordo ou en desacordo con él? Por que?
- 2 Que relación ten a vontade coa liberdade? É necesario querer algo para ser libre? Argumenta a túa resposta

Dende entón, na física e na filosofía discútese acerca de como hai que interpretar o indeterminismo da física cuántica e tamén sobre se, e ata que punto, temos a obriga de revisar a teoría do determinismo causal tal como se sostivo e se entendeu na física clásica.

Se os seres humanos estivésemos determinados a actuar por forzas ás que estamos sometidos sen poder evitalo, seríamos irresponsables. Non se podería distinguir entre accións boas e malas, xustas e inxustas.

Por exemplo, cando unha aguia caza un cordeiro, non se pode considerar responsable da súa acción, porque satisfai a súa necesidade de comer. Se a atrapamos, é para evitar que mate outros animais, non para facer xustiza e para castigala polo crime que cometeu.

Para falar de responsabilidade e de xustiza, hai que recoñecer nos seres humanos **a liberdade de acción e a capacidade de dirixir o seu comportamento e os seus fins**.

#### Textualmente

«[...] a liberdade é unha idea transcendental pura que, primariamente, non contén nada tomado da experiencia, e cuxo obxecto, en segundo lugar, tampouco pode ser dado, en ningunha experiencia, de xeito determinado; porque é unha lei universal da posibilidade mesma de toda experiencia que todo o que acontece debe ter unha causa, e que, polo tanto, tamén a causalidade da causa, [causalidade] que ela mesma aconteceu ou naceu, debe ter á súa vez unha causa; co cal, entón, todo o campo da experiencia, ata onde queira que se estenda, convértese en conxunto de mera natureza. Pero como dese xeito non se pode obter ningunha totalidade absoluta das condicións na relación causal, a razón créase a idea dunha espontaneidade que puidese comezar por si mesma a obrar, sen que se precisase antepoñerlle outra causa para determinala, á súa vez, a obrar segundo a lei da conexión causal. É en extremo notable que nesta idea transcendental da liberdade fúndase o concepto práctico dela, e que aquela constitúe nesta, propiamente, o momento das dificultades que sempre rodearon a cuestión da posibilidade dela. A liberdade, en sentido práctico, é a independencia do albedrío respecto da coacción por impulsos da sensibilidade.»

I. Kant, *Crítica da razón pura*, 2.ª parte, 2.ª división, cap. II, sec. IX.

- 1 Explica por que, segundo o texto, a causalidade natural non deixa espazo ningún á liberdade.
- 2 En que consiste, pois, a causalidade libre? Por que só pode ser unha idea transcendental produto da razón e independente da nosa experiencia dos fenómenos naturais?

A pregunta «pode evitar calquera criminal facer o que fai?» significa que só existe unha moralidade xenuína se podemos actuar libremente. Se non somos libres, non se nos pode considerar responsables dos nosos actos e non se nos debería acusar nin eloxiar por eles.

### En que consiste a responsabilidade

Continuamente temos que decidir como actuar ante distintas situacións e para resolver problemas cuxa solución non está dada de antemán.

Esta capacidade de elixir como imos actuar, aínda que se exerce sempre dentro de determinados límites, é a nosa liberdade.

**Sen liberdade, o ser humano non pode ser responsable dos seus actos**, pois ser responsable consiste, precisamente, en poder responder dos nosos actos e en asumir as consecuencias que se deriven deles. Polo tanto, ése responsable dun acto:

- Cando se quixo facelo e fíxose.
- Cando se fixo, aínda sen querer.
- Cando non se quixo facelo nin se fixo, pero poderíamos evitar que tal feito acontecese.
- Cando se quixo facelo, aínda que finalmente non se fíxese.

En cada un destes casos trátase de responsabilidades distintas: así, nos tres primeiros, hai unha responsabilidade penal ou civil, mentres que no último é só moral.

As condicións da responsabilidade son:

- A existencia dunha lei (social ou moral).
- Estar en posesión das nosas facultades mentais (as persoas que padecen enfermidades mentais non son responsables).
- Actuar libremente (non se é responsable de actos cometidos baixo coacción).

#### Glosario

**Responsabilidade:** capacidade de dar razóns sobre as nosas decisións e sobre as nosas accións e así xustificarlos. Implica a asunción do mérito e da culpa polas nosas accións, aínda que tamén podemos ser responsables de persoas dependentes: neste sentido, a responsabilidade ten un elemento transitivo. Cabe distinguir entre a responsabilidade moral, marcada pola nosa conciencia, e a responsabilidade civil, referida ás leis. Para poder atribuírnos responsabilidade, debemos pensar que somos libres.

### 1.4. Autonomía e autodominio

Unha **acción verdadeiramente libre** é aquela que é causada pola persoa que a realiza e que é aceptada por ela como a súa propia elección e como a súa responsabilidade.

Os seres humanos, cando teñen alternativas, ao elixir actúan como causas iniciais dos efectos que provocan. Neste feito baséanse as ideas de responsabilidade, de merecemento de acusación ou de eloxio, de gratitude, de castigo, de resentimento ou de perdón.

Por conseguinte, pérdese a liberdade cando unha persoa non é a verdadeira autora dos seus actos, por exemplo, porque actúa baixo coacción.

A coacción é un poder que forza o individuo a actuar contra a súa vontade. Se a orixe desa coacción é externa ao suxeito, o suxeito non actúa libremente. Agora ben —e isto é moi importante—, se é a propia vontade do individuo a que se obriga a si mesma a actuar, esa coacción pode ter o carácter de obriga moral e entón é un efecto da liberdade.

Precisamente esta última obriga denomínase **autonomía** ou **autodeterminación**, e consiste na capacidade de darse as propias leis, en actuar respectando normas que se aceptan libremente por decisión propia, en consentir conscientemente, en obedecer as leis e en ter a vontade de facelo.

O oposto da autonomía é a **heteronomía**, que é o feito de que a lei se me impoña desde fóra, sen que eu lle dea a miña adhesión voluntariamente. Ou tamén cando me deixo dominar e escravizar, desde dentro, por unha paixón que fai que perda a miña liberdade e que me impide decidir con sensatez e con equilibrio.

Para Kant, a autonomía é o concepto fundamental da súa teoría ética. Para el, a autonomía é **condición intrínseca da liberdade e, polo tanto, da moralidade**: é a facultade que ten a vontade de autodeterminarse só por respecto ao deber.

#### Glosario

**Autonomía:** o concepto de autonomía provén das palabras gregas *autos*, 'si mesmo', e *gnomos*, 'norma' ou 'lei'. Refírese á capacidade de darse as propias leis, de actuar respectando normas que se aceptan libremente por decisión propia. A autonomía está vinculada á racionalidade en tanto que as normas de conduta que segue cada persoa deberían poder someterse a esta facultade humana, sen verse condicionadas por impulsos, por paixóns ou por sentimentos que non controlamos. Nestas últimas circunstancias, trataríase de casos de heteronomía.

## 1 A liberdade

### Glosario

**Heteronomía:** o concepto de heteronomía provén das palabras gregas *heteros*, 'outro', e *gnomos*, 'norma' ou 'lei'. Aplícase á conduta que está determinada por unha norma que procede dunha instancia allea ao suxeito, non da racionalidade do propio individuo que leva a cabo a acción. De feito, a heteronomía non só se refire a un condicionamento como a moda no vestir ou como unha ameaza externa, senón que tamén pode proceder de factores subxectivos que non podemos dominar, como certas paixóns ou emocións, ou mesmo como ideas inconscientes que condicionan as nosas accións.

### Textualmente

«Onde queira que un obxecto da vontade se pon por fundamento para prescribir á vontade a regra que a determina, é esta regra heteronomía; o imperativo está condicionado, a saber: se ou por que se quere este obxecto, hai que obrar de tal ou cal xeito; polo tanto, non pode nunca mandar moralmente, é dicir, categoricamente. Xa sexa que o obxecto determine a vontade por medio da inclinación, como sucede no principio da propia felicidade, xa sexa que a determine pola razón dirixida aos obxectos da nosa vontade posible en xeral, no principio da perfección, resulta que a vontade non se determina nunca a si mesma inmediatamente pola representación da acción, senón só polos motores que actúan sobre a vontade en vista do efecto previsto da acción: debo facer algo, porque quero algunha outra cousa, e aquí hai que poñer de fundamento no meu suxeito outra lei, segundo a cal necesariamente quero esa outra cousa, e esa lei, á súa vez, necesita un imperativo que limite esa máxima. [...]

A vontade absolutamente boa, cuxo principio ten que ser un imperativo categórico, quedará, pois, indeterminada respecto de todos os obxectos e conterá só a forma de querer en xeral, como autonomía; isto é, a aptitude da máxima de toda boa vontade para facerse a si mesma lei universal é a única lei que se impón a si mesma a vontade de todo ser racional, sen que interveña como fundamento ningún impulso e interese».

1. Kant, *Fundamentación da metafísica dos costumes*, cap. 2.

- 1 Como explicarías o paradoxo de que para ser libre é preciso obedecer as leis?
- 2 Por que insiste Kant en que a obediencia á lei moral debe ser imperativa?
- 3 Por que na aceptación autónoma da lei moral non pode intervir como fundamento ningún impulso nin ningún interese?

En tanto que liberdade e responsabilidade coinciden, a autonomía é a raíz da moralidade e a súa condición necesaria; por iso, as accións morais só son libres dun suxeito autónomo, é dicir, libre e responsable.

Neste sentido, a **paixón** é a inclinación que impide á vontade autodeterminarse de conformidade con principios racionais. A diferenza das emocións, as paixóns poden dominar por completo a personalidade e a conduta do suxeito. Por esta razón, debido ao perigo que representan para a liberdade moral do ser humano, Kant rexeitou a exaltación das paixóns.

Tamén no estoicismo se pensaba que as paixóns, que alteran a tranquilidade do ánimo, son enfermidades polas que a persoa sabia non debe deixarse contaxiar, senón que a súa elección debe ser a de manterse indiferente e moderar e controlar as emocións e as paixóns mediante a razón.

### Textualmente

«Supoñamos un acto voluntario; por exemplo, unha mentira maliciosa coa cal unha persoa provocou certa confusión na sociedade. Primeiramente investiganse os motivos dos que xurdiu e despois decídese como pode imputarse tal mentira, xuntamente coas súas consecuencias, á devandita persoa. No que concirne ao primeiro punto, examínase o carácter empírico desa persoa cara ás súas fontes, as cales se buscan na mala educación, nas malas compañías, en parte tamén na perversidade dun carácter insensible á vergoña e en parte á lixeireza e á imprudencia, sen atender as causas circunstanciais. En toda esta investigación procédese como en calquera exame da serie de causas que determinan un efecto natural dado. Aínda que se pense que o acto está determinado desta sorte, non por iso se deixa de reprobalo o seu autor, e non precisamente a causa do seu carácter desafortunado nin das circunstancias que influíron nel. [...] Esta reprobación baséase nunha lei da razón en virtude da cal se considera a mesma razón como causa que podía e debía determinar de modo distinto o comportamento do home, e iso con independencia de todas as condicións empíricas mencionadas. [...] O acto é imputado ao carácter intelixible do autor. Dende o momento en que mente, toda a culpa é súa. Independentemente de todas as condicións empíricas do acto, a razón era, pois, libre por completo e, en consecuencia, ese acto ten que serlle atribuído como falta enteiramente súa».

1. Kant, *Crítica da razón pura*, 2.<sup>a</sup> parte, 2.<sup>a</sup> división, cap. II, sec. IX.

- 1 Expón coas túas palabras as dúas lóxicas requiridas, segundo o texto, para un xuízo responsable.
- 2 Por que ambas as dúas son necesarias, aínda que se contradigan?

## A filosofía en persoa



**Zenón de Citio** (335-264 a. C.) foi o filósofo grego fundador do estoicismo. É importante a súa doutrina lóxica, considerada a primeira gran teoría sobre a linguaxe humana. Na historia da filosofía foi moi influente a súa teoría ética, na que se establece a independencia de criterio e a *ataraxia* (ausencia de turbación) como condicións para alcanzar a felicidade.

## Actividades

- 1 Diferencia os tres tipos de liberdade e pon un exemplo de cada un deles.
- 2 Pon un exemplo de responsabilidade legal e outro de responsabilidade moral, e explica en que consiste a diferenza entre ambos os dous tipos de responsabilidade.
- 3 Un ser humano privado do uso da razón segue sen libre? Xustifica a túa resposta.
- 4 Un individuo que estea encarcerado pode sentirse libre? Que tipo de liberdade sería a súa? Argumenta a túa opinión.

## Textualmente

«En que se baseará a admiración do mundo que o Príncipe quere gobernar? Será no capricho de cada individuo? Valente parvada! Será na xustiza? Descoñécea. Seguramente se a coñecese non establecería esta norma, a máis xeral de todas as que existen entre os homes: que cada cal siga os costumes do seu país. [...] Disto fai que un diga que a esencia da xustiza é a autoridade do lexislador; o outro, a conveniencia do soberano; o outro, o costume presente, e é o máis seguro. Nada segundo a mera razón é xusto por si mesmo, todo cambalea co tempo. O costume é a equidade, pola mera razón de que é aceptada. É o fundamento místico da súa autoridade. Quen a retrotraía á súa orixe destrúea. Non hai nada tan culpable como esas leis que corríxen as culpas. O que as obedece porque son xustas obedece a xustiza que el mesmo imaxina, pero non a esencia da lei. Está concentrada totalmente en si mesma. É lei e nada máis. Quen queira examinar o motivo polo que o é, encontrarao tan feble e tan leve que, se non está afeito a considerar os prodixios da imaxinación humana, admirarase de que un século lle proporcionase tanta pompa e consideración.»

B. Pascal, *Pensamentos*, 60.

- 1 Que sentido pode dárselle neste texto de Pascal ao concepto de verdade e que función cumpre, en cambio, a imaxinación?
- 2 Cal é, segundo Pascal, o verdadeiro fundamento da obriga de obedecer a lei?



«Os deuses dominan a vontade e se impoñen sobre a razón, impiden a liberdade do ser humano (Sarcófago de Dionisos, Museo Arqueolóxico, Antalya).»

## A sociabilidade: a relación con outras persoas

### 2.1. É o ser humano un ser social por natureza?

Moitos animais viven en enxames, en hordas ou en mandas de xeito instintivo. Pero os seres humanos non formamos, como eles, unha sociedade instintivamente. Se vivimos en sociedade é porque, para facer posible e máis comfortable a nosa existencia, **nos vimos obrigados a convivir en grupos e a organizarnos.**

A cambio das vantaxes que nos reportan a convivencia, a cooperación e o reparto do traballo, a vida en sociedade representa tamén unha renuncia incesante, porque **impón limitacións e somete a leis e a regras comúns a todos os seus membros.** Esta é unha das principais raíces dos conflitos e da violencia social.

Cando nos arrastran os impulsos e os desexos irracionais, tendemos á desmesura. Entón, a ambición, a competitividade ou a envexa mostran que todas as persoas adoitamos desexar as mesmas cousas.

Todos os individuos buscan o seu proveito e o seu pracer, e tratan de evitar a dor como **tendencias** máis inmediatas da natureza humana. Estas tendencias son as que dan orixe á sociedade, non a existencia dun amor natural do ser humano cara aos seus semellantes.

A busca incesante e egoísta da satisfacción das necesidades e dos desexos xera, pois, loita e conflito cos outros individuos, que nos disputan os limitados bens e praceres capaces de satisfacernos.

**Thomas Hobbes** dicía que as dúas paixóns dominantes do ser humano son a **avidez natural**, pola que cada individuo pretende gozar el só dos bens comúns, e a **razón natural**, pola que cada un foxe da morte violenta como do peor dos males naturais. O primeiro destes postulados exclúe que o ser humano sexa un animal social, como dicía Aristóteles.

Aínda que os seres humanos necesitan uns doutros, non teñen, segundo Hobbes, un instinto que os mova á benevolencia e ao amor recíproco. Polo tanto, toda sociedade nace, ou da necesidade recíproca, ou da ambición, pero nunca do amor ou da benevolencia mutuos.

Así pois, segundo Hobbes, o **temor recíproco** é o que induce a aceptar a vida en sociedade, pois os seres humanos tenden a danarse mutuamente, xa que viven no antagonismo que se deriva da escaseza dos bens polos que se compite e da discrepancia das opinións.

En termos parecidos, **Baruch Spinoza** di que o que leva aos seres humanos a asociarse é a **súa necesidade de sobrevivir e de seguridade.** Esta situación conduce á comprensión racional da necesidade da sociedade e á aceptación voluntaria das leis que leva consigo o seu ordenamento.

Polo tanto, para Spinoza, o fundamento da sociedade non é ningunha virtude ou perfección que haxa que perseguir, senón o simple ser; ou sexa, as mesmas paixóns e necesidades humanas tal como se encontran na realidade.

Por outro lado, aínda que os seres humanos teñen estas tendencias comúns, tamén hai outros aspectos nos que son diferentes. Por iso, talvez outros seres humanos nos resultan estraños ou percibímolos como unha ameaza á nosa seguridade e ao noso benestar.

Distintas crenzas, razas, patrias, linguas ou opinións convértese en causa de conflito e de antagonismo cando os individuos non asumiron actitudes de tolerancia e de solidariedade.

Este feito leva a Sartre a dicir que «o conflito é a significación orixinal de acharse ante os outros». En cambio, Rousseau e Schopenhauer ensinaron que a relación cos outros individuos debería basearse sempre na compaixón, que une a todos os seres humanos ante o sufrimento que existe no mundo.

#### Textualmente

«A maior parte dos que escribiron sobre as repúblicas supoñen que o home é un animal político, nacido con certa disposición natural á sociedade. Pero se consideramos máis de preto as causas polas cales os homes se reúnen en sociedade, pronto aparecerá que isto non sucede senón accidentalmente e non por unha disposición especial da natureza. Achamos na natureza do home tres causas principais de discordia: primeira, a competencia; segunda, a desconfianza; terceira, a gloria. A primeira causa impulsa os homes a atacarse para lograr un beneficio; a segunda, para lograr seguridade; a terceira, para ganar reputación. Con todo iso é manifesto que durante o tempo en que os homes viven sen un poder común que os atemorice a todos, áchanse na

condición ou estado que se denomina guerra; unha guerra tal que é a de todos contra todos».

T. Hobbes, *O cidadán*, I, 1, 2.

- 1 Por que di Hobbes que o ser humano non é un animal político por natureza?
- 2 Na túa opinión, poderían xustificar estes argumentos que propón Hobbes a represión social e o autoritarismo? Argumenta a túa resposta.
- 3 Paréceche esaxerada esta opinión de Hobbes ou considérala acertada? Razona a túa resposta.

## 2.2. A construción intersubxectiva da identidade persoal

O ser humano convive con outros seres humanos que, ao mesmo tempo, parécenselle e distínguense del. Non se identifican con el, pero todos comparten moitas características comúns.

A relación cos outros individuos denomínase **intersubxectividade**, e, a pesar dos conflitos que leva consigo, esa relación é a condición para ir construíndo a propia identidade, pois as outras persoas son o referente co que me comparo, distánciome ou aseméllome a elas para ir dando forma á miña propia personalidade.

Podemos comprender esta relación se pensamos na moda. Tratando de ir á moda intento distinguirme e expresar a miña propia identidade, pero fágoos adoptando as regras de vestir ou de peitearse compartidas por outras persoas, porque, dalgún xeito, para loitar por ser eu, teño que ser, polo menos en parte, como as persoas nas que me fixo e ás que trato de asemellarme.

Sen os outros individuos, sen o que pensan e sen o que din de min, non sei se son servizal, egoísta, intelixente..., porque non son todo iso senón no contacto e na convivencia coas outras persoas.

A nosa autoconciencia desenvólvese, pois, nas relacións que mantemos cos demais individuos e grazas a elas.

### Textualmente

«En xeral, temos intereses en certo modo distintos dos do resto da xente. Hai que saber, non obstante, que ninguén pode subsistir só e que somos, efectivamente, unha das partes do universo e, de forma máis particular, unha das partes desta terra; e polos vínculos que establecen o domicilio, a fe prometida e o nacemento, somos unha das partes deste ou daquel Estado, esta ou aquela sociedade, ou esta ou aquela familia. [...] Pero se o referísemos todo a nós mesmos, non teríamos dificultade en prexudicar grandemente a outros homes cando crésemos que iso nos reportaría algún beneficio de pequena consideración; e non existiría nin verdadeira amizade, nin fidelidade, nin, en termos xerais, ningunha virtude. Mentres que se nos consideramos parte do ben público, compraceranos beneficiar a todo o mundo e se a ocasión se presenta, nin sequer a tereremos expoñer a nosa vida por servir aos demais».

R. Descartes. *Correspondencia con Isabel de Bohemia e outras cartas*. «Carta do 15 de setembro de 1645».

1 Como conviven os individuos, segundo o expón Descartes neste texto?

## 2.3. A amizade e o amor

### A importancia da amizade

A relación con outras persoas chega á súa máxima perfección humana na amizade e no amor.

Aristóteles di que a **amizade** é o ben máis necesario da vida, por enriba do poder e da riqueza, pois estes bens non se poden conservar nin gozar se non se teñen amizades. Tamén Epicuro consideraba a amizade un dos aspectos centrais da súa ética e da forma de vida das persoas sabias.

En realidade, a amizade non se basea nunha coincidencia de ideas ou de opinións, senón nunha converxencia de actitudes prácticas ou morais en virtude da cal dúas persoas se comportan unha coa outra como o faría cada unha delas consigo mesma.

Cando a amizade se basea na utilidade ou no pracer, parece destinada a rematar cando o pracer e a utilidade cesan. Tampouco consiste a amizade na mera benevolencia, porque esta pode ir dirixida tamén cara a persoas descoñecidas e mesmo pode quedar oculta para quen a recibe.

### Textualmente

«[...] a amizade é unha virtude ou algo acompañado de virtude e, ademais, é o máis necesario para a vida. En efecto, sen amigos ninguén querría vivir, aínda que tivese todos os outros bens; mesmo os que posúen riquezas, autoridade ou poder parece que necesitan sobre todo amigos [...]. Na pobreza e nas demais desgrazas, consideramos os amigos como o único refuxio. [...]

«[...] A amizade tamén parece manter unidas as cidades e os lexisladores afánanse máis por ela que pola xustiza. En efecto, a concordia parece ser algo semellante á amizade e a ela aspiran sobre todo, e en cambio procuran principalmente expulsar a discordia, que é inimizada. E cando os homes son amigos, ningunha necesidade hai de xustiza, pero, aínda sendo xustos, si necesitan da amizade, e parece que son os xustos os que son máis capaces de amizade.

Pero a amizade é non só necesaria, senón tamén fermosa. En efecto, gabamos os que aman os seus amigos e ter moitos amigos considérase como unha das cousas mellores, e ata algúns opinan que home bo e amigo son a mesma cousa».

Aristóteles. *Ética a Nicómaco*, VII, 1, 1155a.

1 Explica a concepción aristotélica da amizade.

2 Con que valor referido á cidade a compara Aristóteles e como beneficia á cidadanía?

## ② A sociabilidade: a relación con outras persoas

### A natureza do amor

O amor é unha forza unitiva e harmonizadora baseada no sexo, na concordia política e na amizade.

Aínda que se trata dunha relación interindividual, o amor non anula a realidade individual nin a autonomía do ser amado, senón que, ao contrario, refórzaa mediante un intercambio recíproco de beneficios, buscando o propio ben e o da outra persoa.

A persoa á que amo non está ao meu servizo. É outra persoa á que non podo, en ningún caso, reducir a un simple obxecto. Débolle respecto e o recoñecemento da súa autonomía de decisión, así como os mesmos dereitos que quero que se me recoñezan a min.

En relación coa filosofía, Platón ensinou que a orixe do amor está na carencia e na insuficiencia características do ser humano, e, polo tanto, o amor é **desexo de posuír a plenitude da beleza e do ben**.

As formas do amor varían de acordo coas formas da beleza á que tende, comezando pola beleza sensible e rematando na beleza da sabedoría.




Platón describe como pode elevarse a alma desde o amor pola beleza sensible ata o amor á sabedoría, que é a filosofía, e como a loucura da paixón erótica se converte entón nun don da divindade.

Co **cristianismo**, o amor (*caritas*) transfórmase nun **mandamento** destinado a configurar unha comunidade de crentes como reino de Deus ou Igrexa. A súa forza está representada polo Espírito Santo.

No século XIX, **na poesía e na filosofía románticas**, desenvolveuse a idea do pensador grego Empédocles, que vía o amor como a forza cósmica que move e que une as cousas.

Na poesía do Romanticismo, fábase do amor como **unidade absoluta e infinita** ou como **esencia mesma do ser**, entendido máis como un fenómeno cósmico ou metafísico que como un acto humano.

### Actividades

- 1  Podo formar a miña identidade persoal sen as outras persoas ou, pola contra, necesitoas inevitablemente para ser eu?
- 2  Cales son, na túa opinión, as principais diferenzas entre a amizade e o amor?
- 3  Como pode superar o amor o sentimento de illamento das persoas e preservar, ao mesmo tempo, a súa integridade?

### Textualmente

«Descubro que estou namorado. Nada se me escapara, quizais, destes feitos que para min son agora probatorios: nin este movemento máis vivo do meu presente cara ao meu futuro, nin esta emoción que me deixaba sen palabra, nin esta présa porque chegue o día dunha cita. Pero, en fin, eu non os contara, ou, se o fixera, non pensaba que se tratase dun sentimento tan importante, e agora descubro que non podo concibir a miña vida sen este amor. Volvéndome cara aos días e meses precedentes, constato que as miñas accións e pensamentos estaban polarizados, encontro vestixios dunha organización, dunha síntese que se *facía*. Non é posible pretender que soubese sempre o que agora sei e actualizar nos meses pasados un coñecemento de min mesmo que acabo de adquirir. Dun xeito xeral, non é posible negar que queden moitas cousas que aprender acerca de min mesmo, nin considerar de antemán, ao centro de min mesmo, un coñecemento de min onde estea contido previamente todo canto saberei de min mesmo máis adiante, logo de ler libros e atravesar uns acontecementos que agora nin sospeito. A idea dunha consciencia que sería transparente para si mesma e cuxa existencia se reduciría á consciencia que ten de existir non é tan diferente da noción de inconsciente: é,

por ambos os dous lados, a mesma ilusión retrospectiva; introdúcese en min, a título de obxecto explícito, todo canto poderei aprender, en diante, acerca de min mesmo. O amor que, a través de min, proseguía a súa dialéctica e que acabo de descubrir non é, desde o principio, unha cousa oculta nun inconsciente, e tampouco un obxecto ante a miña consciencia; é o movemento polo que me volví cara a alguén, a conversión dos meus pensamentos e as miñas condutas; eu non o ignoraba porque era eu quen vivía unhas horas de aburrimiento antes dunha cita, e quen me sentía contento cando se achegaba; era un amor vivido de punta a punta, non era un amor coñecido. [...] Así mesmo, para o namorado que o vive, o amor non ten nome, non é unha cousa que poida cercarse e designarse, non é o mesmo amor do que libros e xornais falan, porque é o xeito como el establece as súas relacións co mundo, é unha significación existencial».

M. Merleau-Ponty, *Fenomenoloxía da percepción*, «O cogito».

- 1 Como é descuberto o amor no exemplo evocado polo autor?
- 2 Por que o ser humano é a criatura que posúe o máis ardente desexo de amor?

## A existencia e o tempo

### 3.1. Que significa «existir»?

A **existencia** designa o feito de ser. En filosofía, a existencia distínguese da esencia do mesmo modo que se distíngue o real do posible. Por exemplo, é posible definir a esencia dun triángulo como un polígono de tres lados, aínda que non exista o debuxo concreto de ningún triángulo. Isto significa que a existencia de triángulos concretos non afecta a súa esencia.

Na **filosofía escolástica** chamaban «existencia» ao ser que recibe o seu ser doutro. Tomé de Aquino dicía que todo ente é unha **esencia actualizada polo ser**.

Na **filosofía contemporánea** compréndese a existencia non como o simple feito de ser ou de existir, senón como aquela característica que constitúe a **esencia mesma do ser humano**. O ser humano, desde esta perspectiva, non é a especie humana ou unha noción xeral, senón o individuo humano considerado na súa **absoluta singularidade**.

Aplicada ao ser humano, a existencia non é simplemente estar vivo, senón que **a súa esencia é a súa existencia**. Para entender mellor o alcance desta idea, podemos recorrer á etimoloxía da palabra «existir».

En latín, *existere* significa 'saír fóra de si', 'transcenderse, 'estar a tender cara a algo máis alá de si'. Esta palabra expresa a necesidade do eu de non se limitar nin quedar reducido ao que xa é, senón de **proxectarse** continuamente cara a fóra e de coñecer o mundo, de relacionarse coas demais persoas e de desenvolver o seu **proxecto de vida**.

Isto significa que todo ser humano vive a súa existencia no mundo **de xeito continxente**. Continxente designa o que podería non ser ou ser doutro modo. A nosa existencia sitúanos continuamente ante posibilidades incertas, e que, polo tanto, pódennos beneficiar ou prexudicar. Ao ter que elixir entre elas sen coñecer os seus efectos nin as súas consecuencias, corremos o perigo de equivocarnos e de frustrar o noso proxecto de vida.

#### A filosofía en persoa



**María Zambrano (1904-1991)** naceu en Vélez-Málaga. Estudou en Madrid con Ortega y Gasset e con Zubiri. Con motivo da Guerra Civil española exiliouse a América, onde foi profesora en diversas universidades. Entre os principais temas da súa filosofía destaca a relación entre filosofía e poesía canto ao concepto de razón poética, así como o concepto do divino no ser humano.

Así pois, o ser humano é sempre un **conxunto de posibilidades** coas que pode triunfar ou fracasar, segundo o uso que faga da súa liberdade de elección e da responsabilidade que concirne a ese uso.

Esta concepción complementábase coa idea de subxectividade. **Søren Kierkegaard**, o fundador da filosofía existencialista, en clara actitude de rebelión contra o idealismo de Hegel e contra o seu espírito de sistema, que subordina o individuo ao xeral, defendeu o valor da **existencia subxectiva e «singular»**.

Categorías como a preocupación, a culpa, a angustia ou a soidade afectan ao ser humano singular, á maneira concreta do seu existir, que é o que o existencialismo converte en obxecto da análise filosófica.

Como dicía Miguel de Unamuno, o «home de carne e óso» debe converterse no único suxeito e no único obxecto de toda filosofía. Tanto Heidegger coma Sartre poñen de relevo, á súa vez, que o ser humano **só comprende a súa esencia a partir da súa existencia**.

#### Textualmente

«O erro máis grave a que a humana condición está suxeita non é equivocarse acerca das cousas que a rodean, senón equivocarse acerca de si mesma: alterar o que espera ou quere, disfrazalo ou confundilo. E mentres máis fonda, apaixonadamente, se é capaz de anhelar, querer, amar, maior é o risco do erro. Pois, como ha de ir realizándose no tempo, a través do tempo, e non o faría se non se anticipa, se non se ilusionase, atópase coa tarefa de percorrer día a día, paso a paso, aquel camiño que a conduce á súa finalidade vista nun lóstrego, anhelada máis que vista: esperada máis que coñecida. [...] Nada do que verdadeiramente se quere pode ser logrado se contradí ou afunde o pasado; o mesmo na vida persoal que na histórica, nada pode lograrse se afunde o pasado. [...] O home anticipase sempre, se se mira desde o presente; se se mira desde o futuro, arrastra consigo e aínda se lle ve depender do pasado, desde un pasado absoluto. Porque, en realidade, o tempo fundamental do home, aquel do que parte e o fai explicable, é só o futuro. E este ir cara ao futuro convertido en voto foi o característico do home occidental. Lanzarse en forma decidida e irremediable cara a ese futuro: a súa vocación».

M. Zambrano, *Persoa e democracia*.

- 1 Que é unha vocación? É o mesmo que unha profesión? Explica a diferenza entre ambas as dúas.
- 2 Explica esta idea do texto: «en realidade, o tempo fundamental do home, aquel de que parte e o fai explicable, é só o futuro».

### 3 A existencia e o tempo

#### 3.2. Tempo obxectivo e tempo subxectivo

Tanto os seres humanos coma todas as cousas do mundo están sometidos ao tempo: nacemos, medramos, envellecemos e morremos. Neste sentido, o tempo é como un río no que nos bañamos e que arrastra inexorablemente as nosas vidas.

Esta condición humana suscita un asombro do que xorde a pregunta pola nosa existencia e polo seu valor. É a vida humana unha cousa insignificante?

Se antes de nacer non eramos nada e despois de morrer o mundo seguirá existindo sen necesitarnos e sen que apenas se note que xa non estamos nel, esta situación non converte a nosa existencia nunha realidade completamente superflua ou absurda?

A resposta a tal pregunta sobre a nosa existencia é indubidablemente que non, porque á conciencia do tempo ao que está sometida a miña existencia debe acompañala sempre a conciencia da miña liberdade para proxectala e para darlle un determinado sentido.

Entón, o tempo non é soamente a forza que pouco a pouco me dissolve e me destrúe, senón que tamén é a **duración** que necesito para realizar esa existencia que eu elixín ser.

#### Textualmente

«O tempo, a transitoriedade de todas as cousas nel e mediante el, é simplemente a forma na que a nulidade de toda aspiración se revela á vontade de vivir. [...] Esta nulidade exprésase na forma enteira da existencia, na infinitude do tempo e do espazo fronte á finitude do individuo neles, no presente privado de duración como único modo de existir na realidade, na dependencia e relatividade de todas as cousas, no continuo devir sen nunca ser, no continuo desexar sen satisfacción, no continuo levantar barreiras contra a morte grazas ás cales subsiste a vida ata que as barreiras son traspasadas. O tempo é aquilo en virtude do cal cada cousa, en cada momento, se converte en nada nas nosas mans e polo cal perde todo valor».

A. Schopenhauer, *Parerga e Paralipomena*, Aforismo 142.

- 1 Formula algún argumento sobre a concepción do tempo que suavice ou que mesmo contradiga os argumentos que Schopenhauer expresa neste texto de modo tan pesimista.
- 2 Comenta esta idea de Schopenhauer: «O tempo é aquilo en virtude do cal cada cousa, en cada momento, se converte en nada nas nosas mans e polo cal perde todo valor».

Esta característica do tempo non significa que poidamos dispoñer do tempo da nosa vida como dunha propiedade. Non podemos facer o que queiramos co noso tempo, porque é irreversible, ou sexa, non podemos retroceder no tempo, e se o perdemos, xa non é posible recuperalo.

Para aproveitar e para administrar ben o tempo, o ser humano adoita traducilo en espazo para poder medilo. É o que se fai cos reloxos, cos calendarios, coas axendas e cos horarios, que nos marcan o **tempo obxectivo**, fronte ao cal existe a **vivencia subxectiva do tempo**, que cambia dunha persoa a outra e segundo as situacións.

Por exemplo, unha hora de tempo obxectivo adóitásenos pasar moi rápida cando estamos a gozar, mentres que, ao contrario, pasa moi lenta cando nos sentimos tristes.

Henri Bergson foi, probablemente, quen con maior profundidade captou esta distinción:

- Por un lado, pois, está o **tempo espacializado**, que é o tempo cronolóxico do sentido común e co que se traballa na ciencia.
- Por outro, está o **tempo como duración da vida da conciencia subxectiva**.

O que caracteriza o **tempo obxectivo** é ser sempre **homoxéneo, isotrópico e reversible**. Na ciencia téndese a considerar todo o real desde un punto de vista estático, fixo, que detén o auténtico movemento, o que conduce ás concepcións deterministas e á negación da liberdade.

Bergson enfrontouse á teoría da relatividade de Einstein, en tanto que dependía da concepción clásica do tempo. De feito, aínda que Einstein afirmou a relatividade da medida temporal, seguiu considerando o tempo como orde de sucesión.

Pola contra, o tempo que capta a intuición subxectiva, o **tempo da nosa existencia**, é **heteroxéneo e irreversible**.

#### A filosofía en persoa



**Henri Bergson** (1859-1941) foi un filósofo francés que se opuxo ao positivismo e ao materialismo porque reducen a vida a un feito físico. Propón partir dos datos inmediatos da conciencia e considerar a vida unha actividade creadora. Distingue dúas fontes de coñecemento: a intuición (capta o vivo no seu movemento) e a intelixencia (aplica leis lóxicas e científicas).

### 3.3. A morte

Na filosofía pensouse na morte a partir do feito de que sexa posible en calquera momento da nosa existencia.

Deste feito extraéronse algunhas conclusións; por exemplo, a da **finitude ou limitación da nosa vida**, e non só da nosa vida, senón tamén de todas as posibilidades que se nos ofrecen na vida.

Todas esas posibilidades vitais son limitadas, xa que a nosa vivencia delas rematará inevitablemente cando chegue a nosa morte. Martin Heidegger exprésao así: «A morte é a anulación posible das posibilidades humanas e da existencia mesma do ser humano».

En realidade, experimentamos o paso do tempo como unha especie de movemento irreversible que o conduce todo e no que todo vai desaparecendo de xeito constante. O instante presente pérdese no pasado, que xa non é, para ser deseguida substituído por outro instante futuro que aínda non existe.

#### Textualmente

«A morte é unha posibilidade de ser que ha de tomar sobre si en cada caso o “ser aí” mesmo. Coa morte é inminente para o “ser aí” el mesmo no seu “poder ser” máis peculiar. Nesta posibilidade vaille ao “ser aí” o seu “ser no mundo” absolutamente. A súa morte é a posibilidade do “xa non poder ser aí”. Cando para o “ser aí” é inminente el mesmo como esta posibilidade del, é referido plenamente ao seu “poder ser” máis peculiar. Así inminente para si mesmo, rómpense nel todas as referencias a outro “ser aí”. Esta posibilidade máis peculiar e “irreferente” é á par a extrema. En canto “poder ser” non pode o “ser aí” superar a posibilidade da morte. A morte é a posibilidade da absoluta imposibilidade do “ser aí”. Así se descubre a morte como a posibilidade máis peculiar, irreferente e insuperable. En canto tal, é unha sinalada inminencia. A súa posibilidade existencial fúndase en que o “ser aí” é aberto esencialmente para si mesmo, e éo no modo do “pre-ser-se”. Este elemento estrutural da cura ten no “ser relativamente á morte” a súa máis orixinal concreción. “Ser relativamente á fin” faise un fenómeno máis claro en canto “ser relativamente á sinalada posibilidade de “ser aí” que acabamos de caracterizar».

M. Heidegger, *O ser e o tempo*, § 50.

- 1 Que significa que a morte é a posibilidade da absoluta imposibilidade de «ser aí»?
- 2 Que relación establece Heidegger entre a morte e a condición de aberto do «ser aí»?

É difícil encontrar consolo a esta situación de irreversibilidade e de finitude, aínda que os seres humanos buscárono unha e outra vez.

Por exemplo, o filósofo grego **Epicuro** dicía que non debemos temer a morte, xa que «mentres existimos, a morte non existe aínda para nós, e cando a morte nos chega, entón somos nós os que xa non existimos».

A estrutura temporal da nosa existencia é tan implacable que o ser humano soñou sempre con **liberarse do tempo** de dúas maneiras distintas: ben a través da esperanza relixiosa nunha eternidade despois da morte, ben mediante a imaxinación proxectada cara a un futuro no que talvez fose posible viaxar e desprazarse a través do tempo.

#### Textualmente

«Logo, en realidade, oh Simmias —replicou Sócrates—, os que filosofan no recto sentido da palabra exercítanse en morrer, e son os homes aos cales resulta menos temeroso estar mortos. E podes colexilo do seguinte: se están a mal en todos os respectos co corpo e desexan ter a alma soa en si mesma, non sería un grande absurdo que, ao producirse isto, sentisen temor e irritásense e non marchasen gustosos alá, onde teñen esperanza de alcanzar á súa chegada aquilo de que estiveron namorados ao longo da súa vida —que non é outra cousa que a sabedoría— e de librarse da compañía daquilo co que estaban postos a mal? Non é certo que, ao morrer amores humanos, mancebos amados, esposas e fillos, foron moitos os que se prestaron de bo grado a ir detrás deles ao Hades, impulsados pola esperanza de que alí verían e se reunirían cos seres que botaban de menos? E en cambio, se alguén ama de verdade a sabedoría, e ten con vehemencia esa mesma esperanza, a de que non se encontrará con ela dun xeito que pague a pena noutro lugar que no Hades, vaise irritar por morrer e marchará alá a desgusto? Preciso é crer que non, compañeiro, se se trata dun verdadeiro filósofo, pois terá a firme opinión de que en ningunha outra parte, salvo alí, se encontrará coa sabedoría en estado de pureza. E se isto é así, como dicía hai un momento, non sería un grande absurdo que un home semellante tivese medo á morte?».

Platón, *Fedón*, 67e-68b.

- 1 Por que a filosofía, segundo Platón, nos fai perder o medo á morte?
- 2 Comenta a oración do texto: «se se trata dun verdadeiro filósofo [...] terá a firme opinión de que en ningunha outra parte, salvo alí [no Hades], se encontrará coa sabedoría en estado de pureza».

### 3 A existencia e o tempo


Como mostran os restos prehistóricos, desde moi antigo, a especie humana elaborou complexas **crenzas e mitos relixiosos relativos á morte**, acompañados de ritos funerarios destinados a asegurar o descanso das persoas defuntas e tamén a evitar o seu retorno ao mundo das persoas vivas na forma de pantasma.

Na filosofía, **Platón, Montaigne** ou **Schopenhauer** consideraron unha das tarefas fundamentais da filosofía a **preparación para a morte** ou, polo menos, levar a cabo unha meditación sobre a morte.

Nas crenzas relixiosas nas que se afirma a inmortalidade da alma, adóitase recorrer, para apoiar esa fe, ao **dualismo corpo-alma**. Para o **cristianismo**, como antes para o orfismo (que influíu en Platón), a morte debe entenderse como a liberación da alma do cárcere corporal.

En cambio, **Aristóteles** concibe a alma como forma do ser humano cuxa materia é o corpo, o que implica que a alma non pode subsistir independentemente do corpo, polo que **non é inmortal**.

Así pois, nas doutrinas dualistas e relixiosas, máis que asumir a morte como negación radical da vida o que se fai é negala, converténdoa en meramente corporal e declarándoa soamente un «tránsito» a outra forma de vida; é dicir, en lugar de tratar da morte, tratan de explicar a **resurrección**. Así:



O ser humano soña con liberarse dunha morte inevitable.  
Juan de Valdés Leal, O postremero,  
(Hospital da Caridade, Sevilla).

- As doutrinas cunha concepción lineal do tempo, como a cristiá, cren nunha única resurrección.
- Pola contra, as doutrinas orientais, cunha concepción cíclica do tempo, cren en reencarnacións sucesivas ou na transmigración das almas.
- Por último, desde posicións panteístas, a morte é a disolución do singular (do individuo) na totalidade, pois considérase que a vida humana é só un momento ou unha faísca no continuo latexo da vida do cosmos.

#### Actividades

- 1 É o ser humano unha esencia, unha existencia ou ambas as dúas realidades? Explica a túa resposta.
- 2 É correcta a afirmación seguinte: o tempo real é o tempo obxectivo e o tempo subxectivo é unha sensación ilusoria? Xustifica a túa resposta.
- 3 Reflexiona sobre a morte. É real ou só é unha ilusión? Hai un alén despois da morte?

#### Textualmente

«A morte é o momento da liberación dunha individualidade estreita e uniforme que, lonxe de constituir a substancia íntima do noso ser, representa máis ben como unha especie de aberración. A liberdade auténtica e primitiva reaparece nese momento que, no sentido apuntado, pode considerarse como unha *restitutio in integrum* (restitución ao estado primitivo). De aquí procede, ao parecer, esa expresión de paz e sosego que se debuxa no rostro da maior parte dos mortos. En xeral, a morte do home de ben é doce e tranquila; pero morrer sen repugnancia, morrer de bo grado, morrer con alegría é privilexio do home resignado, daquel que renuncia á vontade de vivir e renega dela, porque el só quere unha morte real, e non aparente; por conseguinte, non sente nin o desexo nin a necesidade de permanencia da súa persoa. A existencia que coñecemos déixaa sen pesar. O que a substitúe é a nada aos nosos ollos, precisamente porque a nosa existencia, comparada con esa, non é máis que nada. A fe budista chámala nirvana».

A. Schopenhauer, *O mundo como vontade e representación*.

- 1 Segundo Schopenhauer, a esperanza noutra vida suprime o medo á morte?
- 2 Que distingue neste texto a morte real da morte aparente?
- 3 Que quere dicir Schopenhauer cando afirma que a nosa existencia «non é máis que nada»?

## Deus e a relixión

### 4.1. Relixión, teoloxía e filosofía

A palabra «relixión» procede do verbo latino *religar*, que significa 'vincular', 'ligar'. Esta etimoloxía alude, pois, a certo tipo de lazo entre o ser humano e Deus, e entre os membros dunha comunidade de crentes.

Na **relixión** cabe distinguir dous aspectos relacionados, pero que non se confunden:

- Como **credo**, ou sexa, como conxunto de verdades transcendentes e indemostrables, a relixión remite á fe.
- Como **práctica social e cultural**, a relixión remite a cultos, ritos e cerimoniais de carácter público.

Tamén no que respecta á **fe** é preciso distinguir entre dous aspectos:

- O seu contido interno, ou sexa, as **crenzas**, que resultan alleas e talvez estrañas para quen non participa directamente nelas.
- Un conxunto de **signos, símbolos, rituais, ideas** cuxa significación, en tanto que se manifestan abertamente, ábrese a quen sabe ler neles.

A filosofía e as ciencias da relixión teñen por obxecto o estudo e a interpretación da dimensión manifesta do feito relixioso. A teoloxía, pola súa banda, estuda os contidos da fe, baseándose nos seus textos sagrados ou na revelación.

Actualmente rexéitanse os intentos de xustificar a verdade da relixión recorrendo á evidencia de que a orde do visible ten o seu fundamento nunha orde de realidade superior, metafísica, sostida por Deus.

A filosofía da relixión non se ocupa xa de demostrar a existencia de Deus, a inmortalidade da alma..., senón de buscar a estrutura do relixioso, de delimitar a clase de situacións nas que se usa unha linguaxe relixiosa, de determinar a significación desta linguaxe no contexto desa situación na que xermola e de descubrir o tipo de validez que pode correctamente serlle recoñecida.

#### Glosario

**Relixión:** institución social e cultural propia das sociedades humanas. Ten unha vertente práctica, o culto (oracións, rituais...), así como un aspecto teórico (crenzas, dogmas, fe, mitos...). Mediante a relixión non só se pretende explicar as orixes do mundo e da humanidade, senón que tamén se traslada unha mensaxe moral. Malia a gran diversidade das experiencias e das institucións relixiosas, as relixións comparten algúns trazos comúns, como a creenza nunha transcendencia e o seu carácter compartido.

Antes do século XVIII non hai, en realidade, filosofía da relixión, senón doutrinas filosóficas sobre Deus. A medida que o teocentrismo medieval foi sendo desprazado polo antropocentrismo moderno, que supón o protagonismo do suxeito e o proceso de secularización, o interese da reflexión xa non se dirixiu tanto cara a Deus como á influencia da idea do divino nos seres humanos e na súa cultura. É o que fan Hume, Kant ou Hegel, que dedican estudos específicos á relixión en canto tal.

### 4.2. O problema filosófico da existencia de Deus

Na filosofía medieval, o problema de Deus consistiu, en boa medida, en analizar racionalmente a posibilidade mesma do ser que é obxecto de fe por parte da comunidade de crentes, ao que a relixión rende culto.

Nesa época afrontouse o problema achegando diversas vías para a demostración da existencia de Deus, vías que continuaron viventes en pensadores da Idade Moderna, como Descartes e como Leibniz.

Kant reduciu estas vías de demostración a tres tipos, poñendo de manifesto a ausencia de conclusión de cada unha delas. Vexámolo.

#### Textualmente

«Se é certo que hai un parentesco entre Deus e os homes como pretenden os filósofos, que poden facer os homes, senón imitar a Sócrates, e non responder nunca a quen lles pregunta cal é o seu país: "Son de Atenas, ou de Corinto", senón: "Son cidadán do mundo"? Se comprendemos a organización do Universo, se comprendemos que "a principal e máis importante de todas as cousas, a máis universal, é o sistema composto polos homes e Deus, que del proceden todas as orixes de todo o que ten vida e crecemento na terra, especialmente os seres racionais, porque eles sós por natureza participan da sociedade divina, por estar unidos a Deus pola razón"; por que non nos habemos de chamar cidadáns do mundo? E por que non nos habemos de chamar fillos de Deus? Por que habemos de temer os acontecementos, calquera que sexan? En Roma, o parentesco con César, ou con algún home poderoso, abonda para vivir con seguridade, para estar por enriba de todo desprezo e de todo temor, e o feito de ter a Deus por autor, por pai e por protector, non poderá abondarnos para liberarnos de pesares e terrores?»

Epicteto, *Conversacións*, I, 9.

- 1 Como relaciona Epicteto relixión e cosmopolitismo?
- 2 Dá unha resposta razoada ao interrogante final do texto.


#### ④ Deus e a relixión

##### Proba ontolóxica

Segundo esta proba, a existencia forma parte dos predicados necesarios do ser suprémo, principio de toda realidade. Polo tanto, este ser suprémo **ten de existir necesariamente**.

Este argumento, que foi formulado por vez primeira por Anselmo de Canterbury no século XI, foi criticado xa por Tomé de Aquino dous séculos despois.

Para Kant, de puros conceptos que non teñen relación coa existencia en acto non se pode deducir unha existencia real. Hai, pois, unha desproporción entre o antecedente e a conclusión deste razoamento, porque **se confunden as condicións do pensamento coas condicións da realidade**.



##### Proba cosmolóxica

Segundo esta proba, se algo existe, é preciso que exista tamén un ser absolutamente necesario como **causa primeira**, a cal se identifica con Deus.

Kant rexeita esta proba, en primeiro lugar, porque usa a idea de ser necesario como se fose un concepto dun obxecto definido, o cal non é certo, e, en segundo lugar, porque, mesmo admitindo a existencia dun ser necesario, sería só **no nivel do pensamento lóxico, non como existencia real**.

O argumento cosmolóxico cae, pois, no mesmo fallo que o argumento ontolóxico.

##### Proba físico-teleolóxica

Segundo esta proba, da unidade, da beleza, da orde e da finalidade dos obxectos da nosa experiencia conclúese a existencia dunha **intelixencia suprema, causa única do Universo**, que é Deus.

Segundo Kant, a finalidade nas cousas do mundo é indemostrable. Pero mesmo admitindo nas cousas unha orde intencional, de aí só se deduciría a existencia dun ser fabricante ou arquitecto do mundo, ou sexa, un ser ao que conviría unha perfección elevada, pero **non necesariamente a perfección absoluta de Deus creador**.

Para pasar da idea de finalidade no mundo á da existencia de Deus, é preciso supoñer que a causa desta finalidade é un ser necesario, co que se recae unha vez máis no argumento ontolóxico.

#### Textualmente

«Se alguén examina atentamente as naturezas distintas que se lle ofrecen, queira ou non decátase de que non teñen todas o mesmo grao de dignidade, senón que se distinguen pola súa maior ou menor nobreza. O que dubida de que o cabalo non é pola súa natureza superior á madeira, e o home ao cabalo, non sería digno de ser chamado home.

Por conseguinte, así como non se pode negar que entre as diversas naturezas hai algunhas mellores ca outras, así a razón nos obriga a deducir que hai unha tan superior ás outras, que non a hai maior. Se, en efecto, a distinción dos diversos graos é infinita, de sorte que o máis elevado teña aínda outro por enriba, hai que admitir que non haberá límite no número das naturezas, principio tan absurdo que salta á vista, a menos que se sexa un insensato.

Existe, polo tanto, necesariamente unha natureza cuxa superioridade sobre as outras sexa tal que non quede inferior a ningunha. [...]

Queda, pois, esta natureza única, que é superior a todas, ata o punto de non admitir inferioridade con respecto a ningunha. Pero o ser que enche estas condicións é soberanamente gran-

de e bo, está por enriba de todo o que existe. Hai, pois, unha natureza superior a todo o creado e isto non pode acontecer sen que exista por si mesma e sen que todo o demais que existe recibise dela a súa existencia, porque como a razón nos demostraba hai un momento que o que é por si mesmo, e polo cal existe todo, é superior a todo o demais, reciprocamente, ou este principio superior existe necesariamente por si mesmo e comunica o ser a todas as cousas, ou hai varios principios superiores; pero é evidente que non pode ser isto. Existe, pois, unha soa natureza, substancia ou esencia, que é boa e grande por si mesma; que saca a súa existencia do seu propio seo e da cal emanan verdadeiramente a bondade, a grandeza, a existencia; que, por conseguinte, é a soberana bondade e grandeza, o ser e a substancia por excelencia; nunha palabra, o principio superior a todo.»

Anselmo de Canterbury, *Monologium*, caps. II e IV.

- 1 Que clase de conceptos aplica Anselmo de Canterbury á maior realidade de todas?
- 2 Que definición filosófica de Deus propón no texto?

### 4.3. A experiencia relixiosa

Da conclusión de que Deus non é obxecto posible para un coñecemento racional por parte do ser humano, derivanse, entre outras posibles, dúas actitudes fundamentais:

- O **«salto pola fe»**: afirmase que Deus só se revela na fe e na experiencia relixiosa persoal. É a posición de Jacobi, de Kierkegaard e de Unamuno.
- O **ateísmo**: négase a existencia de Deus, xa que non a podemos demostrar. É unha posición estendida na época contemporánea: Schopenhauer, Nietzsche, Feuerbach, Marx, Freud, Sartre...

O propio da **experiencia relixiosa**, o que a distingue de calquera outra experiencia, é que representa a percepción de algo vivido como transcendente á propia existencia e co cal, non obstante, cre posible unha relación.

Esta relación é unha vivencia subxectiva que se produce inmersa no sentimento do santo ou do divino. É un fenómeno complexo, pois implica elementos cognoscitivos e afectivos, racionais e irracionais.

Nesta relación non resulta doado determinar se esa realidade transcendente coa que calquera crente di relacionarse é unha realidade obxectiva ou é puramente o froito dunha proxección intrapsíquica e, polo tanto, ilusoria.


En todo caso, a fe é unha **vivencia prerracional, interior e intersubxectiva** non susceptible de demostración nin de verificación, e que só con dificultade se pode transcribir completamente á linguaxe dos conceptos.

O ámbito da fe é o mundo do **«sobrenatural»**, palabra que designa a transcendencia e a superioridade absoluta de Deus respecto do ser humano e do mundo.

Para a comunidade de crentes, a realidade está, pois, dividida en dous planos xustapostos:

- O **natural**: todo o que é humano e terreal, e está, polo tanto, dentro da capacidade común de ser experimentado.
- O **sobrenatural**: todo o que está máis alá do noso coñecemento empírico e racional, e ao que só se pode acceder a través dunha revelación divina.

#### A filosofía en persoa



**Søren Kierkegaard** (1813-1855) foi un filósofo danés que se opuxo ao sistema filosófico de Hegel, que engloba todos os elementos do coñecemento e da cultura humanos, e a verdade da existencia individual e da subxectividade. A súa defensa da liberdade concreta levouno a analizar estados como a soidade, a angustia, o desespero e a culpa.

#### A filosofía en persoa



**Miguel de Unamuno** (1864-1936) foi un filósofo e literato español cuxos principais temas de preocupación son o ser humano concreto (especialmente o seu afán de inmortalidade) e o ser de España. A vida é, para el, «sentimento trágico», porque non é posible conciliar os anhelos e as esixencias da fe coas verdades da ciencia e da razón.

#### Textualmente

«O coñecemento natural dos primeiros principios foi infundido por Deus en nós, xa que El é autor da nosa natureza. A Sabedoría divina contén, polo tanto, estes primeiros principios. Logo todo o que estea contra eles está tamén contra a Sabedoría divina. Isto non é posible de Deus. En consecuencia, as verdades que posuímos por revelación divina non poden ser contrarias ao coñecemento natural. O noso entendemento non pode alcanzar o coñecemento da verdade cando está suxeito por razóns contrarias. Se Deus nos infundise os coñecementos contrarios, o noso entendemento encontraríase impedido para a captación da verdade. O cal non pode ser de Deus. Permanecendo intacta a natureza, non pode ser cambiado o natural; e non poden coexistir nun mesmo suxeito opinións contrarias

dunha mesma cousa. Deus non infunde, polo tanto, no home unha certeza ou fe contraria ao coñecemento natural. De todo isto dedúcese claramente que calquera dos argumentos que se esgriman contra o ensino da fe non poden proceder rectamente dos primeiros principios innatos, coñecidos por si mesmos. Non teñen forza demostrativa, senón que son razóns probables ou sofisticas. E isto dá lugar a desfcelos».

Tomé de Aquino, *Suma contra os xentís*, I, 7.

- 1 Que razóns expón Tomé de Aquino para rexeitar a contradición entre as verdades da fe e as verdades da razón?
- 2 Que se entende no texto por «coñecemento natural»?

## 4 Deus e a relixión

### 4.4. O problema do mal

A realidade do mal supón un grave problema para a coherencia doutrinal das relixións monoteístas, nas que se afirma que Deus é bo e todopoderoso. Non é, en cambio, un problema para relixións que cren en divindades que non son poderosas nin boas ou para relixións politeístas, que adoitan atribuír a existencia do mal ás disputas entre as divindades.

**Hume** expresa o problema do mal do modo seguinte: «Se o mal no mundo provén da vontade de Deus, entón non é bo. Se o mal no mundo é contrario á súa vontade, entón non é omnipotente. Pero nin está de acordo coa súa vontade nin é contrario a ela. Polo tanto, ou ben Deus non é bo, ou ben non é omnipotente».


Hai unha terceira conclusión posible: que Deus non exista. Hume nunca é explícito sobre esta terceira alternativa.

Outra explicación do problema do mal consiste en **negar que o mal sexa real**. **Leibniz** sostíña que, posto que Deus é bo e todopoderoso, séguese que calquera mundo que fixese debe ser «o mellor de todos os mundos posibles». Este intento de resposta non é moi convincente. A súa debilidade faise evidente cando definimos que significa o mal.

O **mal**, como o oposto ao ben, inclúe no seu concepto todo o que impide ao ser humano realizarse e ser perfecto. É, pois, necesario distinguir entre:

- O **mal físico** (a enfermidade, a dor, a desgraza...), que non depende da vontade humana.
- O **mal moral** (a crueldade, o asasinato, a tortura...), que, en canto quebrantamento de normas morais, é imputable ao ser humano.

Entón, pode manterse que a crueldade, a tortura, a fame ou o asasinato non existen realmente? O sufrimento asociado á crueldade humana e aos desastres naturais é, non obstante, un sentimento moi real.



#### A filosofía en persoa

**Agostiño de Hipona** (354-430) foi un filósofo e teólogo latino que fundiu a doutrina cristiá e o pensamento de Platón nunha síntese teolóxico-filosófica sobre Deus, o ser humano e a moral. O ser humano logra a súa perfección mediante a interiorización espiritual. A liberdade individual é a orixe do mal. O ser humano necesita a graza divina para salvarse.

Outra explicación é que **o mal é só privación do ben**. Defendérona **Plotino**, **Agostiño de Hipona** e **Maimónides**. Pero tampouco esta teoría resulta convincente, senón que conduce a outro problema novo: se o mal fose realmente unha mera privación do ben, aínda teríamos que preguntarnos por que razón suceden estas terribles privacións do ben.

Aínda que tampouco é satisfactoria, é máis aceptable a explicación que **relaciona o mal coa liberdade humana**. Neste caso, o recoñecemento da liberdade humana explica o mal moral, pero deixa sen explicar o resto dos males, como as inundacións, a fame ou as enfermidades. Non temos liberdade para elixir estes males, nin sequera para danar con eles a outras persoas.

### 4.5. Agnosticismo, teísmo, ateísmo

#### O ateísmo

O **ateísmo** é a negación da existencia de Deus.

Dende a **filosofía analítica** da linguaxe xustifícase o ateísmo dicindo que a palabra «Deus» é un concepto carente de sentido. O ateísmo é propio dos sistemas materialistas, como o **atomismo** e o **epicureísmo antigos**, o **hegelianismo de esquerda** (Feuerbach) e o **marxismo**, e da **psicanálise** e do **existencialismo** (polo menos de Camus e de Sartre).

No noso mundo científica e tecnicamente desenvolvido, representa un problema a coexistencia da fe relixiosa e da racionalidade moderna occidental, plasmada na ciencia. En ambas as dúas fálase dunha «experiencia» que se trata de facer concreta e transmisíble como verdade. Pero hai unha importante diferenza que ten que ver coa modalidade desta experiencia en cada caso:

- Na racionalidade científica só se admite a realidade observable, reproducíble e que se pode formular mediante hipóteses racionais e leis universais válidas.
- Na relixión e na teoloxía enténdese por realidade algo que se expresa con criterios diferentes dos utilizados convencionalmente pola ciencia.

#### Glosario

**Ateísmo:** é, literalmente, a negación da existencia de Deus. Non obstante, hai que distinguir entre o ateísmo teórico e o ateísmo práctico. No primeiro caso, négase a existencia de Deus co fin de liberar o coñecemento científico dos vínculos relixiosos. No segundo, a negación abrangue toda a existencia humana. Por outra parte, o ateísmo, en sentido estrito, non nega a relixiosidade, senón só a idea de divindade (teísmo): hai relixións sen divindades, que son relixións ateas, como o budismo.

Na filosofía cristiá do século xx intentouse demostrar que a **idea** de Deus non é incompatible co recoñecemento dos límites da racionalidade humana e que a afirmación da realidade do transcendente é unha esixencia ineludible para comprender a existencia e as vicisitudes do ser humano nesta vida.

### O agnosticismo

Dende o **agnosticismo** négase a posibilidade de que o ser humano poida ter un coñecemento certo de Deus.

Na filosofía de **Kant**, por exemplo, mediante o entendemento non se pode coñecer a existencia de Deus, porque Deus non é un obxecto do que se teña unha intuición sensible; ou sexa, a existencia de Deus non se pode intuír empiricamente. Para Kant, Deus é unha **mera idea da razón**, sen que poidamos coñecer se lle corresponde ou non un correlato obxectivo.

Polo tanto, o agnosticismo é a actitude en función da que **nin se afirma nin se nega a existencia de Deus**; só se considera que non é obxecto do coñecemento racional e científico.

### O teísmo



Para entender o teísmo, podemos definilo por oposición a outras formas de entender a relación de Deus co mundo:

- No **panteísmo** identifícase Deus co mundo.
- No **deísmo**, Deus, ou as divindades, non ten relación co mundo despois de crealo.
- Pola súa banda, o **teísmo** caracterízase pola defensa da actuación permanente de Deus no mundo e na historia.

O carácter da posición teísta varía en función dos atributos que se recoñezan en Deus:

- Por exemplo, no **teísmo teolóxico** afirmase o carácter persoal de Deus, invitando a unha relación con Deus mediante a oración, os sacramentos, etc.
- En cambio, no **teísmo filosófico** insístease no coñecemento e na razón como atributos máis destacados de Deus e da súa providencia.
- En moitas das súas formas, o **misticismo** é un **teísmo psicolóxico**, pois concíbese a Deus como unha entidade capaz de sentir e coa que é posible unha comunicación en determinados estados emocionais.

### Actividades

- 1  **O espello.** Que teñen en común e en que son diferentes a relixión e a teoloxía?
- 2  **Esquema a catro bandas.** Elaborade un esquema no que quede claro o fallo lóxico que comparten as tres probas da existencia de Deus analizadas por Kant.
- 3 Tertuliano, un antigo filósofo cristián, dicía que o valor da fe estaba, precisamente, en crer no que á razón humana lle resultaba absurdo. Que che suxire esta afirmación?
- 4 Cres que se podería explicar o problema do mal afirmando que a bondade de Deus é de distinto tipo que a bondade humana e que, polo tanto, non debería ser xulgado con modelos humanos? Xustifica a túa resposta.
- 5 En que consiste o ateísmo?

### Textualmente

«O home tolo. —Non oístes dese home tolo que na claridade da mañá acendeu unha lanterna, correu ao mercado e comezou a berrar sen parar: "Busco a Deus! Busco a Deus!". —Como estaban alí reunidos moitos dos que non crían en Deus, provocou unha gargallada. Que, perdeuse?, dicía un. Ou está escondido? Ten medo de nós? —así exclamaban e rían todos á vez. O home tolo saltou no medio deles e penetrouns coa súa mirada. "Onde foi Deus?", exclamou, "diréivolo eu! Matámolo nós, vós e mais eu! Todos nós somos os seus asasinou! Pero como fixemos isto? Como fomos capaces de beber todo o mar? Quen nos deu a esponxa para borrar todo o horizonte? Que fixemos ao desprender a terra do seu sol? Cara a onde se move agora? Cara a onde nos movemos nós? Lonxe de todos os soles? Non nos precipitamos permanentemente? E tamén cara a atrás, cara a adiante,

cara a todos os lados? Hai aínda un abaixo e un arriba? Non erramos como a través dunha nada infinita?».

F. Nietzsche, *A gaia ciencia*, § 125.

- 1 Neste texto, de xeito alegórico, Nietzsche fala da expansión do ateísmo en Europa afirmando que «Deus morreu». Por que o «home tolo» que fai este anuncio di: «Matámolo nós, vós e mais eu!»? Quen asasinou a Deus?
- 2 A que clase de catástrofes alude Nietzsche como consecuencia da desaparición da fe en Deus na cultura europea?
- 3 Explica o último interrogante do texto: «Non erramos como a través dunha nada infinita?».